

UNIDADE DE TRABALLO 1 / Xabarín con bombín

XANECK ESTABA nervioso, achegábase a súa participación nun gran evento, unha exhibición de baile que sería a súa oportunidade de demostrar o que valía. O resto dos xabaríns eran felices mentres buscaban landras ou castañas, pero Xaneck tiña un obxectivo, ser un gran bailarín. Ao ourizo sempre lle facía graza ver a Xaneck bailar, xa que non era moi común ver un animal tan tosco facendo algo tan delicado e elegante. Os mouchos, pola contra, non estaban tan felices, pois dormen de día e os bailes de claqué son moi ruidosos e molestos para eles, así que sempre que podían desanimaban a Xaneck.

–Ti que pensas? Ten dous pés esquerdos ou dereitos? –dixo o moucho

–Máis ben dúas pezuñas esquerdas. –dixo a moucha

–Mira que figura! Dá máis voltas ca unha buxaina. –ría o moucho

–Non haberá quen lle aprenda a bailar? –preguntaba retranqueira a moucha.

Ao oír isto, o ourizo díxolle a Xaneck que non fixese caso do que dicían, só do que sentía, que actuase coma el, que cando os demais lle querían facer dano sacaba as súas pugas.

Estas palabras dábanlle máis enerxía para o claqué e convertíano no xabarín máis ruidoso da comarca, algo que entusiasmaba os raposos, contentos de ver rabexar os mouchos; e dicíanlle a Xaneck que ía por bo camiño para ser o máis elegante.

Xaneck seguía a practicar ata que se decatou do importante que era ter unha estratexia e ampliar o seu repertorio de pasos especiais.

–Teño que ser mais observador, –dixo Xaneck

–E máis rápido! –apuntou a coelliña

E, sen máis, marchou a toda velocidade na procura dunha cenoria, algo que sorprendeu a toupa.

–A coelliña non ten paciencia para unha conversa! –lamentouse a toupa.

E marchou facendo un burato no chan, algo en que reparou a londra que lle deu un bo consello a Xaneck: Para saltar tes que coller impulso coma min coa cola! E, de súpeto, mergullouse velozmente no río coa súa habitual vitalidade.

Xaneck tiña todo o que precisaba: do ourizo a súa valentía, dos raposos a elegancia, da coelliña a velocidade, da toupa a paciencia, da londra a vitalidade e tamén dos mouchos dos que aprendeu a súa capacidade de observación.


Lección: Se te fixas ben, de todos aprenderás algo bo para ser alguén.



UNIDADE DE TRABALLO 1 / Xabarín con bombín

*“Un xabarín bailarín,
con gravata e bombín...”*

1. Despois de ler o conto:
 - » Enumeramos os animais que aparecen na historia.
 - » Cal é a habilidade de cada un?
2. Atopamos as seguintes palabras e subliñámolas dunha cor: exhibición, eliminar, pezuñas, enerxía, rabexar, repertorio, cenoria, observación.
3. Xogamos coas palabras novas que atopamos. Cantas sílabas teñen? Deletreamos, escribimos con dedos, facemos a palabra con plastilina...
4. Sentimos as letras: xogamos a escribir unha palabra na man do teu compañeiro ou compañeira e ten que adiviñala!
5. Escribe outras palabras coas letras de XABARÍN
X _____
A _____
6. Subliña no conto as palabras con “x”
7. Cal é o teu animal favorito? Fai un debuxo.



UNIDADE DE TRABALO 1 / Xabarín con bombín

8. Ordena a historia cos pictogramas.
9. Signamos as palabras novas?
10. Traballamos os fonemas que precisas.
11. A cantar e bailar!


Estiramos, respiramos, quecemos e preparamos o corpo e a voz, xa sabes como facelo!

Coreografías: cos signos das palabras do retrouso e os pasos que ti queiras.

Salta e bate as palmas con todas as palabras que rimen con *xabarín*.

Podes identificar os instrumentos que soan?

Facede un concurso de playback e airguitar fronte ao espello.



UNIDADE DE TRABALLO 3 / McPac

MC PAC fuxía cada vez que ese cociñeiro cantonés o perseguía, abría as ás e botaba a voar. Iso non facía que se rendera o cantonés, era un magnífico cociñeiro e quería facer do pobre Mc Pac o seu grande e principal prato.

Mc Pac voaba e voaba lonxe e paraba preto do río Trust, que era para el o lugar máis bonito e o único no mundo con carril pato. Era magnífico e moi tranquilo, ademais había boa pesca. Gustaba moito das carpas, pero alí tampouco estaba a salvo porque había un chef inglés que quería facer con el pato á laranxa.

Mc Pac estaba moi canso de voar e fuxir para non rematar nunha mesa coma un prato delicioso. Por iso non paraba de voar dun lado para outro, non na procura de bo clima, nin de mellor alimento, emigraba para salvar as súas plumas. Mc Pac era moi coqueto e só pensar que algún dos dous cociñeiros lle arrancase unha facíalle tremer o peteiro.

Un día decidiu que tiña que deixar de fuxir e enfrontar os seus problemas. Soubo que había un gran concurso de cociña onde participarían o chef cantonés e o inglés e pensou que se concursaba non o poderían cociñar.

Chegou o día e alí estaban os cociñeiros preparando o seu mellor prato para gañar o concurso. O inglés afiaba os seus coitelos mirando fixamente a Mac Pac mentres lle dicía:

–Ten vostede hoxe un aspecto delicioso!

–Sei que pensa iso, pero ao final do día, será o meu prato o que teña o aspecto máis delicioso –replicou Mc Pac.

O cociñeiro cantonés tamén afiaba os seus coitelos e miraba con fame a Mac Pac mentres lle dicía:

–Vexo que está vostede moi canso, se quere pode relaxarse, téñolle preparado un baño para vostede! –mentres sinalaba a pota.

–Non se preocupe, cando remate o día vai ser vostede quen sinta todo como unha ducha fría.

E así foi, Mac Pac preparou un prato que levaba moitos anos mellorando e para o que conseguira os mellores ingredientes. A cidade encheuse do olor que desprendía a súa “Carpa ao forno” e a xente saía das súas casas para achegarse á praza onde se estaba a celebrar o concurso. As persoas arremuíñábanse e quedaban asombradas ao ver un pato nos fogóns. O xurado non tivo ningunha dúbida e déronlle o primeiro premio, foi entón cando Mac Pac pasou de ser un simple pato a ser un importante cociñeiro. Desta maneira



UNIDADE DE TRABALO 3 / McPac

ninguén permitiría que ningún chef, nin inglés, nin cantonés, nin de ningunha outra nacionalidade lle tocasse unha soa pluma. Foi así como conseguiu vivir tranquilo, mellor alimentado e coa plumaxe intacta.

Lección: non hai que fuxir dos problemas, hai que enfrontarse a eles pois todo ten solución.



UNIDADE DE TRABALLO 3 / McPac

*A voar, non quero ser un prato.
A fuxir, non quero ser un pato
á laranxa, á laranxa, á laranxa ou á prancha.*

1. Lemos xuntos o conto e traballamos a secuencia temporal.
2. Enchemos o debuxo de Mac Pac con boliñas de papel para traballar a psicomotricidade fina.
3. Xogamos cos pictogramas e as palabras clave.
4. Podemos atopar novas palabras para o noso dicionario?
5. Xogamos coas palabras: sinónimos, contrarios, rimas. Cantas sílabas ten? Familias de palabras.
6. Traballamos a lectura comprensiva con situacións do conto.
7. Sabes algunha receita? Xogamos cos ingredientes. Debuxamos, xogamos con plastilina, etc.
8. Aprendemos a signar as palabras importantes.
9. Xogamos a ler os beizos!
10. Traballamos os fonemas máis importantes da canción con praxias.



UNIDADE DE TRABALO 3 / McPac

Non esquezades xogar coa respiración tamén!

Preparama o teu corpo:

Estirámonos coma bonecos de goma
(moi pouco a pouco, respiramos
relaxados e no chan con elementos
axeitados).

Facemos exercicios de quecemento da
voz e relaxamos a musculatura facial
facendo xestos tolos.

Bailamos e cantamos signando as
palabras que aprendemos.

Xogamos ás cadeiras coa canción.
Paramos a música nas palabras clave.

Xogamos ás estatuas coa canción.
Quedamos conxelados cando paren
a música.



UNIDADE DE TRABALLO 4 / O rato de Xaquín

MATÍAS ERA UN RATO de bo corazón, aínda que un pouco arlequín. Sempre que fuxía do gato e conseguía darlle esquina, volvía para amolalo un pouco máis. No fondo quería ben e sempre lle botaba no seu prato un anaco do que atopaba na neveira da casa, sen que el se dese conta.

A casa de Xaquín era grande, tiña moitos sitios ocultos, pasadizos e labirintos de tubarías que percorrían todas as habitacións conectándoas unhas con outras. Para Matías isto era bo, xa que era o único que collía por elas cando tiña que fuxir.

Matías gustaba das castañas e nas súas expedicións fóra da casa, sempre volvía cun par delas, unha para comer e outra para gardar por se acaso. Isto puña moi nervioso a Zacarías, o gato que sempre escoitaba ruídos nas paredes, clin, clan, clon, e cando asomaba Matías, lanzábase velozmente para intentar, sen éxito, cazalo. Matías era tan veloz que cando intentaba frear chocaba sempre contra algunha cousa e co estrondo espertaba a Xaquín, o dono, e claro, o gato era o que levaba as culpas.

Moito soñaba Zacarías con darse un gran festín con Matías no prato. Tiña que ser así, el era un gato e o outro un rato, formaba parte da súa natureza, pero un día cando Xaquín lle botou unha cunca do pienso que habitualmente lle daba de xantar, escoitouno dicir:

-Vaia! En bo momento se acabou o pienso, co día de chuvia que vai, non me apetece nada ir por máis, pero terei que facelo pois cunha cunca non lle vai chegar a Zacarías.

Zacarías miraba pola ventá como o dono marchaba e cando deu volta no seu prato había unha cunca de pienso e un cachiño de polo. Aí decatouse de que Matías llo deixara. Quen máis podía ser?

Dende ese momento, Zacarías deixou a súa natureza de lado e fixo de Matías o seu mellor amigo.

Lección: As cousas non teñen que ser como nos din que son, en nós está cambialas.



UNIDADE DE TRABALLO 4 / O rato de Xaquín

*“O rato de Xaquín éche un arlequín,
non para de bulir, o moi badanas!”*

1. Cantos personaxes aparecen no conto? Como se chaman?
2. Cantas palabras novas atopaches nesta historia?
3. Descubre novos pictogramas e escribe a historia con eles.
4. Atopamos as seguintes palabras e xogamos con elas: prato, gran, castaña, velozmente, festín, cunca.
5. Debuxa un laberinto como as tubaxes da casa de Xaquín.
6. Podes colorear o rato con liñas ben rectiñas, coma se fose a súa pelaxe.
7. Que animais domésticos coñeces? Podes falar deles?
8. Escribe, pensa ou recorda unha adiviña sobre animais.
9. Aprendemos novos signos con esta historia.
10. Cambiamos a mesa de traballo pola pista de baile!



UNIDADE DE TRABALLO 4 / O rato de Xaquín

Respiramos, estiramos, quecemos e...adiante!!

Que coreografía se che ocorre para este
retrouso?

Nesta canción tes que mover **TODO**
o teu corpo, ata o pelo!

Podemos facer de novo *playback*
e *airguitar* para pasalo ben.

Batemos as Palmas cando escoitemos
palabras que rimen con *Xaquín*.

Saltamos cando soe a palabra *Xaquín*.



UNIDADE DE TRABALLO 5 / A Quenlla madrugadora

CARLOTA é unha quenlla moi curiosa e soñadora e fai uns sucos no mar coma ninguén. Moitos dos peixes que a rodean son conformistas, cren todo o que lles contan, e non poñen en dúbida nada. Un día Carlota cansa de comer sempre xardas e de ver as mesmas rochas afastouse e cando estaba no límite da vila o señor ourizo preguntoulle:

- Onde vas Carlota?
- Vou ver ata onde chega o mar. O outro día asomeime fóra da auga e vin unha liña moi rara.
- Chámase horizonte -replicou o ourizo.
- E onde está o horizonte?
- Se queres sabelo tes que averigualo.

Nadou e nadou e a liña estaba aparentemente no mesmo sitio sempre. Ata que apareceu unha illa e a auga era azul turquesa, non estaba tan fría, os corales adornaban o fondo e descubriu nos peixes novas cores e no mundo novos sabores. Esas descubertas enchérona de felicidade, pero como a curiosidade dela era moi grande seguiu nadando e aprendeu que cando tes preguntas sempre aparecen as respostas e un mar de posibilidades.



UNIDADE DE TRABALLO 5 / A Quenlla madrugadora

*“Ela non dorme, ela soña esperta,
non a molestes está sempre alerta.”*

1. Despois de ler o conto, ordenamos os pictogramas segundo a historia.
2. Cantos personaxes aparecen? Podes falar deles?
3. Rodeamos 10 palabras con 3 sílabas ou máis.
4. Xogamos coas palabras novas atopadas. Descubrimos os seus pictogramas
5. Coloreamos o debuxo da quenlla con puntitos de lápiz de diferentes tamaños.
6. Buscamos unha palabra que nos guste e intentamos que os demais a adiviñen lendo os nosos beizos.
7. Podes aprender algún signo novo?
8. Seguimos a facer o noso propio dicionario con palabras novas.
9. Que fonemas podemos traballar con esta historia?
10. Escollemos 3 palabras e xogamos coas súas sílabas, podemos formar outras palabras con elas?
11. Que soe a música!!



UNIDADE DE TRABALLO 5 / A Quenlla madrugadora

Que facemos antes de bailar? E de cantar?

Xogamos ás estatuas ou ás cadeiras.
Que ben o pasamos!

Formade unha banda e finxide que
tocades os instrumentos que soan na
canción.

Xa somos expertos coreógrafos, que
movementos se che ocorren?

E se temos un espello, bailamos en
fronte!




UNIDADE DE TRABALLO 6 / Arroaz

DISE QUE a lancha para un mariñeiro é como a leira para un labrego, pero algúns homes de mar son coma as áncoras, que non saben nadar e iso é perigoso, pois sempre están na auga. De non ser polos nosos amigos os arroaces, algúns non poderían contar as súas aventuras. Non deixan de rebeirar no mar e algúns están namorados das súas sereas, como o noso amigo Rosco, o arroaz.

Conta a lenda que foi un día de chuvia deses onde a xente maior di: “Auga do mar, vento da ría, chuvia para todo o día”. Empezou a tronar e un mariñeiro solitario choraba porque non tiña compañía. Ao velo tan triste, unha estrela de mar quíxolle falar, pero el nada entendía ata que un lóstrego caeu sobre ela e converteuna nunha serea que adoptou como filla. Pasaban os anos e gústaballe mirar como se divertía ata que un día non prestou atención ao mar que lle dicía: “Mar con remuíños, virade a porto, barquiños”. O mariñeiro esvarou pola borda e caeu ao mar, mentres Rosco se atopaba a xogar nas ondas cando escoitou os berros desesperados da serea por non atopar o seu pai que estaba no fondo do mar. Rosco acudiu velozmente e mergullouse ata onde podía, baixaba e subía e non daba chegado, pero non se rendía. Do ceo caeu un lóstrego e Rosco transformouse en tritón, e do fondo do mar o mariñeiro rescatou. Dende aquel día sábese que toda criatura do mar que dá o seu corazón a quen o precisa vólvese serea ou tritón.


Lección: Na terra e no mar afoga o que non sabe nadar. Se fas as cousas con amor e sen renderte terás a túa recompensa.



UNIDADE DE TRABALLO 6 / Arroaz

*Mergullar e brincar
como brilla o seu dorsal!
Namorou da súa serea,
o seu corazón é un carnaval*

1. Lemos o conto entre todos.
2. Ordenamos os pictogamas.
3. Xogamos cos animais do mar. Cantos coñeces?
4. Coloreamos o arroz con puntiños, para seguir traballando a motricidade.
5. Aprende a signar as palabras clave e xoga cos signos do mar (familias de palabras con signos e pictogramas).
6. Xogamos a deletrear as palabras da historia.
7. Xogamos ás adiviñas: describe unha palabra do conto para que os demais poidan adiviñala.
8. Quen falta? Engade a palabra que falta nunha frase o conto.
9. Atopaches algunha palabra nova para o noso dicionario?
10. Traballamos os fonemas /l/ e /r /
11. Disfrutamos coa canción:



UNIDADE DE TRABAJO 6 /

Arroz

Lembra estirar ben todos os músculos con coidado e sen présa. (No chan e cos elementos axeitados).

Facemos os nosos exercicios de respiración: enchemos o peito mentres subimos os brazos cara ao ceo, botamos o aire fóra mentres os baixamos amodiño.


Lembramos os exercicios de quecemento para a voz e os músculos da cara: un bo cantante ten que estar ben entrenado!

**Escoitamos a canción e cantamos /
Signamos as palabras clave do retrouso
(durante as estrofas baile libre)**

**Pegamos os pictogramas na parede
(desordenados) para que os busquen
mentres soa a canción.**

**(Facemos o mesmo coas palabras clave
escritas)**

**Cantamos (signando as palabras clave),
bailamos e...
xogamos coa música!**



UNIDADE DE TRABALLO 7 / Cuca a araña

A FAME AGUDIZA o enxeño, por iso a araña Cuca traballaba moito a seda, e máis dende que nos últimos anos os moscóns se volveran tolos pola moda. Sabía que tiña que aproveitar o tirón do momento e, por iso, tecía e tecía atractivas prendas, que despois acomodaba no escaparate da súa tenda. Un tremendo escaparate, unha increíble arañeira que moi poucos conseguían ver con claridade, pero se te fixabas ben podías ver que era dunha gran calidade e se non te fixabas ben, pois tropezabas e ninguén sabía máis nada, era un misterio.

Por alí voaba o señor Moscón, que ía e viña do vertedorio onde os moscóns celebraban os seus festíns. Era tan coqueto como agarrado e achegábase de tenda en tenda buscando o imposible: algo bo, bonito e barato. Para a súa mala fortuna entrou na tenda de Cuca atraído por unha casaca vermella que lle chamou a atención e Cuca non dubidou en achegarse e preguntarlle con moita amabilidade:

-Podo axudalo en algo?

O señor Moscón púxose nervioso, estaba afeito a falar coa xente mirando aos ollos e Cuca tiña oito polo que, definitivamente, non sabía a que ollos mirar e tembloroso contestou:

- Gustaríame saber canto custa a casaca vermella?

Cuca, era unha habilidosa vendedora e facendo uso de mecos e mentiras foino convencendo de que aquela prenda era a que mellor lle ía sentar na súa figura.

- Ten vostede unha figura perfecta! Probe a casaca sen compromiso, ademais por ser para vostede, voulle facer un desconto e vaille saír moi apañada.

Era tan vaidoso que ao escoitar as palabras de Cuca iluminábase os ollos e enchíase de razón, pero para a súa mala fortuna probou a casaca e pasou o mesmo que cando tropeza a xente co escaparate de Cuca, ninguén soubo nada máis.

Papouno!!

Lección: O barato sae caro porque ninguén dá nada por nada a cambio.



UNIDADE DE TRABALLO 7 / Cuca a araña

*Cuca, a araña, tece un calzetín
para no inverno darse un festín.
Cuca, a araña, tece unha casaca
Para no outono encher ben a saca*

1. Lemos o conto e falamos de Cuca, a araña.
2. Traballamos a comprensión da lectura con preguntas.
3. Traballamos coas novas palabras e engadímolos no noso dicionario.
4. Buscamos estas palabras no conto: escaparate, misterio, casaca, amabilidade, desconto.
5. Traballamos coas palabras anteriores. Describímolos, facemos debuxos, xogamos coas sílabas, deletreámolas.
6. Aprende a signar as palabras importantes.
7. Que sabes das arañas? Falamos!
8. Encontramos os contrarios de 5 palabras.
9. Ordenamos a secuencia temporal dos pictogramas.
10. Traballamos fonemas nasais.
11. Pasámolo ben coa canción.



UNIDADE DE TRABALLO 7 / Cuca a araña

Lembra os exercicios de quecemento, respiración e traballo coa voz antes de comezar!

Signamos as palabras do refrán.

**Saltamos coas palabras que rimen con
calcetín e sentamos coas que rimen con
casaca.**

**Podemos xogar ás estatuas parando a
canción.**

**Siguimos o ritmo coas palmas e os pés,
xa es un experto!!**



UNIDADE DE TRABALLO 8 / O furafollas

ERA DE NOITE e paseaba o furafollas famento pola carballeira. Había xa quince minutos que non comía e tiña moita larica, polo que procuraba insectos que levar á boca, pero á vez tiña que estar moi atento aos ruidos do lugar, pois a curuxa quería papalo. Os lucecús voaban e alumaban por todas partes e non deixaban durmir as árbores que se retorcían con atronadores berros nos ecos da noite. O furafollas prometeulles apagar todas as luces a cambio de que eles lle axudasen a agocharse da curuxa.

Miraba atenta a curuxa e as árbores murmurábanlle ao furafollas por onde ir sen que ela se decatase. Entraba e saía polos túneles que el mesmo fixera e, de cando en vez, papaba algún lucecú distraído, pero había moitos, nunca se acababan. Nun momento empezou a notar unha luz que asomaba pola súa barriga e iso facía que calquera na carballeira o puidese ver con facilidade. As árbores tiñan moito sono e o furafollas non podía correr despois de comer tantos lucecús, polo que a curuxa aproveitou para atrapalo.

-Uhh, uhh querido furafollas vas para a pota! -díciolle a curuxa mentres o miraba con eses ollos grandes onde se podía gozar ata do reflexo da lúa.

A curuxa ao velo coa barriga brillando e aquel empacho, non puido aguantar e botou a rir. O furafollas quixo facer un trato con ela, pois as árbores contáranlle en segredo que á curuxa lle gustaban moito as androias entre outras cousas, e díxolle:

-Céibame curuxa e convídote a unha androia.

A curuxa non podía deixar de sentir certa simpatía polo pequeno furafollas e deixouno libre. Así botou a voar e dun forte bater de ás apagou todas as luces e as árbores durmiron esa noite.

Lección: non fagas promesas que non poidas cumprir



UNIDADE DE TRABALLO 8 / O furafollas

*“Paseo de noite pola carballeira
a Curuxa abre os ollos parecen lanternas”*

1. Gustouche o conto? Podes dicirnos as razóns?
2. Cantos animais nocturnos coñeces? Descríbeos e fai un debuxo.
3. Podes atopar palabras que non coñecías? Cantas sílabas teñen?
4. Podes copialas no teu dicionario particular?
5. Descubrimos novos pictogramas e xogamos a ordenalos como na historia.
6. Rodeamos da cor que nos guste as seguintes palabras: carballeira, larica, barriga e pota.
7. Que é un lucecú? Podes debuxalo?
8. Coloreamos ao furafollas pegándolle boliñas de papel.
9. Forma outras palabras coas letras de CURUXA.

C_____

U_____

R_____



UNIDADE DE TRABALLO 8 / 0 furafollas

10. Que fonemas imos traballar con este conto?

11. Música mestra!

Preparados para movernos? Non esquezas a respiración e o quecemento!

**Sacamos os zapatos e sentimos o chan
nos nosos pés mentres bailamos.**

**Signamos as palabras do refrán mentres
cantamos, primeiro baixiño, e cada vez
máis alto!**

**Pechamos os ollos sentados no chan e
bailamos sós coas nosas mans e os nosos
brazos.**

**Pechamos os ollos sentados no chan e
bailamos sós coas nosas mans e os nosos
brazos.**

**Collémonos dos brazos e intentamos
bailar en círculo.**



UNIDADE DE TRABALLO 9 / Lulabel

DOS INSECTOS voadores os cabaliños do demo son os máis velozes. Nalgúns lugares chámanlles libeliñas e, ente elas, a campioa en velocidade é Lulabel, capaz de empezar o xantar pola sobremesa e rematar polo prato principal. Cando sentaba á mesa non perdía un momento, aínda que sempre comezaba polo mel, que como sabían os seus amigos gaiteiros Raquel e Ramón, era o que máis lle gustaba no mundo.

Lulabel gañaba tanta carreira había, excepto unha, a que consistía en ir dende a praia fluvial dos cantos grandes ata a outra praia, a dos cantos pequenos. Sempre se impuña Xoana, a xoaniña, e ademais arrancaba con relativa calma e remataba tan fresca e descansada coma no comezo da carreira, e iso desesperaba moito a Lulabel.

Un día os seus amigos Raquel e Ramón estiveron atentos aos pasos da xoaniña e viron que o camiño que tomaba ela era outro, pasaba por un canón e un val que eles non coñecían e, en poucos minutos, xa estaba na meta. Cando se decatou Lulabel pensou que tanta velocidade facía que non se decatase dos detalles máis pequenos e ademais non lle deixaba gozar de moitas cousas. A partir dese momento Lulabel tomou as cousas con máis calma, gozaba do xantar, incluso empezou a saborear o xamón que tantas veces comera e aínda así, non se dera conta de canto lle gustaba.

Lección: hai que ser pacientes para resolver problemas e non perder detalles importantes: "Práctica lenta, aprendizaxe rápida", así din os músicos.



UNIDADE DE TRABALLO 9 / Lulabel

*“Lulabel, gústalle o mel....
Lulabel, gústalle o xamón...”*

1. Traballamos a secuencia temporal cos pictogramas mentres lemos o conto.
2. Falamos dos insectos e da fauna.
3. Nomeamos e clasificamos con familias de animais.
4. Atopamos novas palabras e xogamos con elas. Buscamos sinónimos, escribímolos na palma da man dun compañeiro ou compañeira para que sinta as letras.
5. Completamos palabras novas con letras que falten.
6. Cantas sílabas ten? Con cada sílaba unha palmada ben forte.
7. Debuxamos os personaxes do conto mentres os describimos.
8. Que estou a dicir? Le os meus beizos.
9. Aprendemos signos novos das palabras importantes.
10. Traballamos con praxias os fonemas que precisemos.



UNIDADE DE TRABALLO 9 / Lulabel

11. Cantamos?

*Movemos o corpo para espertar os músculos.
Sacudimos os brazos e pernas para coller forzas!
Inspiramos e espiramos lentamente para encher
o corpo de aire puro.*

Xogamos coa voz e facemos exercicios
de quecemento.

Divertímonos exercitando a cara
con xestos tolos!

Inventamos unha coreografía
cos signos do refrán.

Bailamos en fronte do espello e
observámonos! Xogamos a imitar os pasos
de baile dun compañeiro ou compañeira.
Sentamos cada vez que unha palabra
da canción rime con Lulabel. Saltamos
cada vez que unha palabra rime
con xamón.

Canta e signa, pero fai playback,
só tes que mover os beizos!



UNIDADE DE TRABALLO 10 / Ri, salta, ri, corre

A ESTELA gustábanlle moito os animais e as cousas divertidas que facían. De entre todos escollería o mono, porque salta de árbore en árbore e a ela moitas veces teríalle encantado poder facer esas cousas.

Un día, paseando polo monte, atopou unha ra máxica ao carón dunha charca. Tiña os ollos saltóns, un sorriso contaxioso e contoulle a Estela o segredo para facer cousas de animais. Só tiña que pechar os ollos e pronunciar na súa mente as palabras máxicas: “Ri salta, ri corre”. Se dicía as palabras máxicas transformárase de inmediato nun animal e así o fixo e, de súpeto, tiña uns enormes, fortes e longos brazos de mono que lle servían para balancearse e columpiarse nas árbores. Despois dun tempo pensou nunha llama porque lle facía graza a súa forma de cuspir. Pechou os ollos e pronunciou: “Ri salta, ri corre” e, de súpeto, tiña unha gorxa e un fociño alongados, polo que probou a cuspir e levou unha gran sorpresa, porque cuspiu tan lonxe como non podía imaxinar. Pasou un bo anaco superando as súas propias marcas de lonxitude ata que lle quedou a gorxa seca. E entón pensou na lebre, un animal áxil, veloz, cunhas orellas perfectas, así que despois de pronunciar as palabras máxicas empezou a correr e saltar ata que chegou á beira da charca onde coñecera a ra máxica. Sorprendeulle ver o seu reflexo na auga e botou a rir, pois tiña brazos de mono, fociño de llama e patas e orellas de lebre. Estela xa cansa camiñaba polo monte arrastrando eses longos brazos, tiña a gorxa seca e frío nas orellas. Non sabía como volver ser a nena ata que a ra falou de novo con ela:

-Estela do meu corazón, eres dona da túa imaxinación, se queres volver á normalidade pensa o que queres ser, de corazón e de verdade, e lembra: ri salta, ri corre e imaxina, a ver que ocorre!

Lección: somos donos de todos os nosos pensamentos e soños. Non esquezas nunca exercitar a imaxinación, pois nela sempre atoparás metas e solucións, e sobre todo, diversión. Pensar fainos libres!



UNIDADE DE TRABALLO 10 / Ri, salta, ri, corre

*“Ri, salta, ri, corre...
Ri, coma un mono.”*

1. Gustouche o conto? Por que?
2. Cantos animais aparecen? Podes falar deles?
3. Cales son as palabras máxicas do conto?
4. Imaxina un animal que che gustaría ser?
5. Atopamos as seguintes palabras e xogamos con elas:
árbore, segredo, cuspir, lonxe, gorxa.



UNIDADE DE TRABALLO 10 / Ri, salta, ri, corre

6. Escribe outras palabras coas letras de ORELLAS

O_____

R_____

E_____

7. Remata as seguintes frases:

Tiña os ollos saltóns e un sorriso_____.

Outro animal que lle facía moito chiste era a _____.

Estela, xa cansa, camiñaba polo monte arrastrando eses longos
_____.

8. Aprende novos signos das novas palabras que sabes.

9. Buscamos fonemas cos que traballar no conto.

10. Inventamos palabras máxicas para o noso propio conxuro de imaxinación.

11. Ri, salta, canta e baila!



UNIDADE DE TRABALLO 10 / Ri, salta, ri, corre

Enchemos ben o noso peito con aire, preparamos as cordas vocais e quecemos os músculos do corpo... alá imos!

Ri, salta, ri corre como che di a canción!

Imitamos os xestos ou movementos dos animais que aparecen na canción.

**Xogamos ás estatuas e ás cadeiras.
Inventamos un xogo coa música.**

**Imaxinamos a nosa propia maxia.
Deixámosnos levar pola música e non
pares de sorrir!**

